

A at. **Concello de Rianxo**

Expediente: **Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo suroeste á cidade de Santiago**

Tipo de documento: Proxecto de trazado

Clave: **AC/22/051.06**
-Solicítase relacione esta clave para calquera comunicación ao respecto deste expediente-

Asunto: Información pública

De conformidade co establecido no artigo 21.1 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*, infórmase que na páxina web que abaixo se relaciona, dispoñen para a súa consulta do documento referido neste oficio; debido a que se acordou sometelo ao trámite de información pública durante un prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia* (prevista para o 01/12/2023) e ao informe das administracións públicas afectadas.

Polo tanto, no que respecta ás súas competencias sectoriais, no prazo de trinta (30) días hábiles esa administración debe examinar se o trazado proposto é o máis axeitado para os seus intereses e **informar ao respecto**. Transcorrido dito prazo sen que por ese Concello se emita informe, continuarase coa tramitación do procedemento.

Así mesmo, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior sométese a información pública o referido documento, aos efectos previstos no art. 56.1 do *Regulamento de expropiación forzosa*.

Por esto, solicítaselle que **insiran no taboleiro de anuncios dese Concello o anuncio** de dito trámite, coa finalidade de que os interesados formulen alegacións durante un prazo de trinta (30) días hábiles (a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *DOG*), na forma prevista na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, coa indicación de que unicamente poderán ser tidas en conta neste trámite as observacións relativas á concepción global do trazado exposto.



Rematado o período de información pública, solicítaselle a expedición e remisión a Área de Deseño de Infraestruturas dun certificado no que se faga constar que o proxecto estivo a exposición pública durante o prazo establecido, se houbo ou non alegacións e xuntando estas en caso afirmativo.

A páxina web onde se atopa o documento para a súa consulta é:

<https://infraestruturasmobildade.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

O resultado da información pública será remitido a ese Concello.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo suroeste á cidade de Santiago

Clave: AC/22/051.06

N.º	Concello	Ref. catastral	Políg.	Parc.	Titular	DNI/NIF	Clase de solo (catastro)	Clasificación urbanística	Sit. básica solo (RDL 7/2015)	Expropiación (m²)	Bens afectados		
											Cant.	Unid.	Descrición
1	Rianxo	9170014NH1296N			Juana Ordóñez Pérez	***4997**	Urbano residencial	S. urbano non consolidado	Urbanizado	2,4			
2	Rianxo	4151020NH1245S			Ramona Otero Rey	***5516**	Urbano, solo sen edificar	S. urbano non consolidado	Urbanizado	23,9			
3	Rianxo	4151019NH1245S	67	271	Ramón María Otero Mato (hros.)	***7478**	Urbano residencial	S. urbano non consolidado	Urbanizado	19,1			

